

Sr. Secretario Xeral Técnico da
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781, Santiago de Compostela

Reclamante: D.XXX
Expediente. Nº **RSCTG 64/2024**

Correo electrónico: XXX

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por D.XXX , mediante escrito do 2 de abril de 2024, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 28 de Maio de 2024, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. D.XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro da Valedora do Pobo o 2 de Abril de 2024, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución do 20 de marzo de 2024, da Dirección Xeral de Mobilidade pola que se resolve terlle por desistido da súa solicitude de acceso a copia do estudo que licitou a Xunta da liña ferroviaria A Coruña-Ferrol en abril do ano 2017, para analizar as melloras pertinentes que se poderían facer na vía.

O reclamante indicaba que lle foi notificada resolución denegatoria de data 20 de marzo de 2024, pola que se lle ten por desistido no procedemento de acceso á información pública (expediente 2023/T-00709), por supostamente non atender ao requirimento efectuado por parte do órgano administrativo, para que se achegase información sobre a documentación solicitada. Indica que é falsa a dita aseveración, e en proba do mesmo anexa os xustificantes electrónicos da presentación en prazo da documentación requirida.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 3 de Abril de 2024 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 9 de Abril de 2024

Terceiro. Con data do 9 de Maio de 2024, o reclamante presenta escrito no que comunica que desiste da reclamación presentada por terse revogada a resolución pola que se lle denega o acceso á información pública.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Valedora do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O artigo 94.4 da Lei 39/2015, establece que a Administración aceptará de plano a desistencia, e declarará concluído o procedemento salvo que, persoándose no mesmo terceiros interesados instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foran notificados.

No presente caso, non constan terceiros interesados no expediente, polo que procede aceptar a desistencia e declarar concluído o procedemento.

De acordo co anterior, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Único: Aceptar a desistencia e declarar concluso o procedemento.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.